

## DOCUMENTO V

# RELACIÓN DO CONTIDO DO PS CO PXOU DE VIGO

O presente documento forma parte do PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. Devandito documento contén, en cumprimento dos artigos 10º do Decreto 80/200 e o 16º do PSOAEG: a análise da relación do contido do PS co plan urbanístico vixente, e a xustificación e detalle das modificacións que o proxecto propón. O mesmo estrutúrase segundo o seguinte esquema:

## ÍNDICE

1. PLANEAMENTO VIXENTE DO CONCELLO DE VIGO .....	2
2. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS NO PLANEAMENTO VIXENTE.....	2
3. ARTICULACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL CO PLANEAMENTO VIXENTE .....	7






## 1. PLANEAMENTO VIXENTE DO CONCELLO DE VIGO

O planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais.

A aprobación definitiva de devandito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 do día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.

## 2. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS NO PLANEAMENTO VIXENTE


Os terreos afectados teñen a seguinte clasificación, segundo o planeamento xeral vixente (PXOU-93):

-  PGOU 93. SNU Común
-  Suelo dentro PP PTL de Vigo
-  PGOU 93. SUNP - PAU 4 (Carto do Viño)



Dentro da bolsa de solo do PP do PTL de Vigo temos solo destinado a zonas verdes, viario e unha parcela lucrativa. Achégase plano de zonificación do devandito PP.






En canto aos terreos que estaban incluídos dentro da delimitación do ámbito da Ampliación do Parque Tecnolóxico e que quedaron excluídos no presente proxecto sectorial, posto que o PXOU de 1993 constitúe un planeamento non adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (LSG) nin á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), aos terreos clasificados como solo non urbanizable e como solo urbanizable non programado aplicaráselles o réxime do solo rústico da LSG, sen que se manteñan as categorías do solo contidas no planeamento vixente, segundo o disposto na súa disposición transitoria primeira 2, apartados b) e d).

Tendo en conta o carácter complementario e subsidiario do Plan Básico Autonómico (PBA) respecto do planeamento vixente e as afeccións que concorren no ámbito recollidas na súa cartografía, o réxime de solo rústico aplicable aos terreos é o de protección ordinaria e de especial protección das augas (zona de policía dos cursos fluviais, de infraestruturas (zonas de servidume do aeroporto, da liña de alta tensión, do gasoduto e da estrada VG20) e do patrimonio cultural (muíños e hórreos existentes).

Para o caso dos terreos clasificados como solo urbanizable, tendo en conta que o sector no que se incluían foi desenvolto polo plan parcial aprobado definitivamente no 2001 e que as obras de urbanización están executadas, cómpre atribuírlles o réxime do solo urbano.








PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO EXPEDIENTE: SER/17/0065 Xaneiro 2020 	PLANO nº <b>PI-04.03</b> <b>PLAN BÁSICO AUTONÓMICO</b> ESCALA E: 1:10.000 	EQUIPO REDACTOR María Perreira Núñez Colegiada nº 17.393  
---	--	--








<b>PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOGÍSTICO DE VIGO</b> EXPEDIENTE: SER/17/0065	PLANO nº <b>PI-04.03</b>  <b>PLAN BÁSICO AUTONÓMICO</b>	<b>EQUIPO REDACTOR</b> María Perreio Núñez Colegiada de Cartografía Colección nº 17.591 
Xaneiro 2020 	ESCALA E. 1:10.000 	







### 3. ARTICULACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL CO PLANEAMENTO VIXENTE

---

O Concello adaptará o planeamento municipal ás determinacións do Proxecto Sectorial de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, indicándose que a súa regulación urbanística, de edificación, usos e desenvolvemento será a contida no documento IX do presente documento.

O Concello de Vigo deberá realizar a adaptación do seu planeamento urbanístico ás determinacións do presente proxecto sectorial nun prazo inferior a dous anos, ou ben e en todo caso, se incluírá na primeira modificación ou revisión do planeamento urbanístico.

